

Prezado/a profesor/a:

o Concello de Ferrol, a través do Departamento de Normalización Lingüística, e en colaboración coa Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra, convoca o **XXIV Certame de Creación Artística Poesía e Imaxe En galego sen filtro**.

Con este escrito achéganse os textos seleccionados pola Coordinadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra; selección na que figura Luisa Villalta, a quen se lle dedican as Letras Galegas do ano 2024.

O certame vai dirixido a todos os niveis do ensino non universitario

Educación Infantil
1º/2º/3º de Educación Primaria
4º/5º/6º de Educación Primaria
ESO
Bacharelato
Ciclos Formativos

Os centros deberán enviar unha ou varias fotos dos orixinais seleccionados na fase intercentros a cequipnormalizacion@gmail.com (**unha obra por nivel definido na base 4 e conforme co artigo 6**), nelas debe apreciarse ben a obra, ou a URL onde está aloxado o vídeo no casos da modalidade audiovisual, **antes do venres 1 de marzo de 2024**.

Coas obras seleccionadas o **Concello de Ferrol e a CENL realizarán** unha mostra, tanto coas obras plásticas como coas audiovisuais, que se publicará nas canles de comunicación (páxinas e redes sociais) do Concello e da Coordinadora (CENL).

Grazas pola súa colaboración. Reciba un cordial saúdo

Ferrol, xaneiro 2024

Concelleira de Normalización Lingüística

Patricia Cons Formoso